



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de novembro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:40 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Andrés García Bastón.

SUPLENTE: D^a Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADA OS DÍAS 10, 17 E 24 DE OUTUBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizada os días 10, 17 e 24 de outubro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

Este punto foi retirado da orde do día.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORMES PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DOS DÍAS 27 DE OUTUBRO E 3 DE NOVEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO



Concello de Cangas

S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.161.- A "CITAÑIA MARE, SL", con domicilio en Camiño Viñó, nº 31-O Hío, para en rúa Cervantes, nº 14-16 e rúa Sínghulis, nº 13-Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI, rehabilitar as edificacións existentes en 67,19 m²., de planta baixa, 82,51 m²., de primeiro andar, 93,69 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 14,67 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico do arquitecto J.M.P.R., de data 7 de outubro de 2016.

Malia iso deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de



Concello de Cangas

transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios.

3.A.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.122.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR O.N.F.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 18 de outubro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a O.N.F., con enderezo en Estrada de Aldán, nº 84-Balea-Cangas, para construción de vivenda unifamiliar, sita en Estrada de Aldán, nº 84-Balea- Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.652.

b) Así mesmo, apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 18.972.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A.S.M.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 18 de outubro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A.S.M., con enderezo en Liñares, nº 17-2ªPontevedra, para construción de vivenda unifamiliar sita nas Barreiras-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.643.

b) Así mesmo apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licencias de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:



Concello de Cangas

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.049.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para no lugar de Pinténs-O Hío, executar unha RBTS (SDG 248315120096), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de oitocentos sesenta e sete con trinta e cinco euros (867,35 €) para responder das obras de reposición



Concello de Cangas

da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.105.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para no lugar de Insua-Arneles-O Hío, executar unha RBTS (SDG 248316060038), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.



Concello de Cangas

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.937.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo, para no lugar de Outeiro de Balea-Darbo, executar unha RBTS (SDG 248316020201), de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de catro mil oito euros con setenta e catro céntimos (4.008,74 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.



Concello de Cangas

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

3.C) RENUNCIA Á LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO

EXPEDIENTE Nº 25.867.- EXPEDIENTE Nº 1.935/16.- RENUNCIA A LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR V.C.F.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia á licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a taller de reparación de cristais, sito na Avda. da Coruña, nº 53-Cangas, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2016, por peche definitivo deste.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.036.- A P.S.C., para cerramento de parcela sita en Rúa do Tobar, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.069.- A E.M.M., para obras de cambio de cuberta sen afectar estrutura de vivenda existente na Pedreira, nº 9-Coiro-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.070.- A J.P.S., para obras de cambio de cuberta sen afectar estrutura de vivenda existente na Rúa, nº 6-Coiro-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.092.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS DE EDIFICIO HERMANOS VILLAR, para obras de conservación e mantemento en medianeira de edificación existente en rúa Longán, nº 50-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.104.- A L.L.I., para obras de cambio de carpintería exterior e substitución puntual de material de cubertas e terrazas de edificación existente en Rúa Fomento, nº 41-6ºD-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.113.- APERTURA Nº 1988/16.- A Y.C.M., para obras de acondicionamento de local para centro de beleza sito en rúa Antonio Nores, nº 17-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.119.- A H.B.B., para cerramento de ocos para cumprimento de títulos xudiciais, na Avda. de Ourense, nº 21-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.123.- A C.F., para cerramento de parcela sita en Camiño da Corte das Bouzas-Pinténs-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.126.- A A.G.P. para cerramento frontal de parcela sita en Camiño do Carrizo, Cunchido-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.137.- A J.M.C.R., para pintado de fachada de edificación existente sita no Tobal, nº 28 E-San Roque.

EXPEDIENTE Nº 26.139.- A E.P.P., para obras de mantemento e reparación de fachada (aplacado de chapa de pedra do país) de edificación existente sita en rúa Real, nº 45- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.149.- A M.C.V.S., para pintado de fachada de edificación sita en Estrada de Aldán, nº 95-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.150.- A C.S.G., para obras de arranxo de terraza sita en Estrada de Aldán, nº 29-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.162.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS DE EDIFICIO NAZARET, 10, para reparación de aleiros de edificación existente en Barrio de Nazaret, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.165.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS DE EDIFICIO AVENIDA DE OURENSE 109/111, para cambio de carpintería exterior das zonas común da edificación existente en Avda. de Ourense nº 109/111-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.166.- A M.M.C.N., para obras de pintado paramento interiores, substitución carpintería exterior, formación de cámara de aire en fachadas Norte e Oeste da planta baixa da edificación e limpeza e encintado da fachada Sur de edificación existente sita en Lontreira, nº 2-San Cibrán-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.174.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS DE EDIFICIO GRANXA DO CARRIZO, para mantemento de fachadas da edificación existente en rúa Santa Pola, nº 17-Balea-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.010.- A C.C.F., para colocación de plaquetas en beirarrúa de vivenda sita en Avda. da Coruña, nº 30-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.124.- A ÓPTICA MARÍN, CB, para obras de acondicionamento de local para óptica, sito en rúa Méndez Núñez, nº 7-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.129.- A J.I.F.R., para cerramento frontal de parcela sita no Regato-A Madalena-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.148.- A J.R.M., para cerramento de parcela sita en Camiño da Praia, San Cibrán-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.164.- A J.F.R., para cambio de material de cubrición en vivenda existente sita en Boticaria-O Espírito Santo, nº 11-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.176.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS "AGUSTÍN VILLAR", para reparación de medianeira de edificación existente sita en rúa San José, nº 58-Cangas.

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.644/13-BIS.- A CARFI, SC, para ampliación de tenda de roupa e complementos sita en rúa Eduardo Vicenti, nº 10-11-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.983/16.- A N.S.M.L., para apertura de local de venda de lambetadas e agasallos sito na rúa Real, nº 21-baixo-Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2014-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 14.10.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 36/2014-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 36/2014-S

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2014-S

PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR CADUCIDADE

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Sartaxéns-Aldán, consistentes en: realizar movementos de terras e desmonte de muro de contención de cachotería.



Concello de Cangas

O día 9 de decembro de 2014, pola Xunta de Goberno Local iníciase procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable, M.M.M.E.M.

Considerando que o artigo 164 da Lei do solo de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución producirase a caducidade do procedemento.

Considerando que transcorreu o prazo de prescrición de seis anos sinalados no artigo 159 da Lei do solo de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador Nº 36/2014/S incoado a M.M.M.E.M., en concepto de promotor, procedendo ao arquivo deste”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 36/2014-S.

5.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 37/2011-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 17.10.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 37/2011-S, que é como segue:

“EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 37/2011

PROPOSTA DE SANCIÓ PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M.M.B.H. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Espiñeira-Aldán, obras consistentes en realizar o cambio de cuberta con aumento de volume en edificación adxectiva a menos de 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable.



Concello de Cangas

Con data 24 de marzo do 2014 a Xunta de Goberno Local inicia procedemento sancionador.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que segundo consta no departamento de Estatística deste Concello, M.M.B.H., finou o día 21 de outubro do 2015.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Segundo o disposto no artigo 84.2 da Lei 39/2015, producirá a terminación do procedemento, a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas, procede polo tanto o arquivo do expediente nº 37/2011 por falecemento da promotora da infracción urbanística".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 37/2011-S.

FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
PROVILLA TABO SL	AVAL	742,37 €	LICENZA Nº 21.156
A.I.O.C.	FIANZA	1.566,35 €	LICENZA Nº 23.439
C.E.N.F.	FIANZA	300,00 €	LICENZA Nº 23.034



Concello de Cangas

C.C.P.	AVAL	1.285,20 €	LICENZA Nº 23.285
E.A.R. E L.Q.L.	FIANZA	300,00 €	LICENZA Nº 23.166

6.B) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
J.J.C. E O.A.B.	FIANZA	300,00 €	LICENZA Nº 22.479

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 29.07.2016 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 241/2015 (X-15/10)

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 04.11.2016, referente ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 241/2015, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 29.07.2016 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 241/2015 (X-15/10)

Visto o Decreto de data 29.07.2016 ditado na peza de taxación de custas 241/2015 (dimanante do PA 241/2015) que se tramita no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Visto que o citado Decreto na súa parte dispositiva 'aproba a taxación de custas practicada neste recurso con data 8.06.16 por importe de trescentos dous euros con cincuenta céntimos (302,50 €), a cuxo pago foi condenado o Concello de Cangas'.

Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Recoñecer, con cargo á aplicación orzamentaria 920.22604, a obriga por importe de trescentos dous euros con cincuenta céntimos (302,50 €), en concepto de custas derivadas do Procedemento Abreviado Nº 241/2015; cantidade que deberá ser ingresada na seguinte conta de depósitos e consignacións: Banco de Santander, 3597000085024115.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 241/2015.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/CORRECCIÓN DE ERRO ADVERTIDO EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19.09.2016 REFERENTE A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE AXUDA ECONÓMICA PARA FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA COMPENSACIÓN DE GASTOS

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 02.11.2016, de corrección de erro advertido en acordo nº 9 da Xunta de Goberno Local do día 19.09.2016, referente a solicitude á Consellería de Política Social de axuda económica para familias con menores a cargo para compensación de gastos farmacéuticos, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Advertido erro aritmético no acordo de Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro de 2016 relativo á solicitude á Consellería de Política Social ao abeiro da Orde do 12 de agosto de 2016, de axuda económica para familias con menores a cargo para compensación de gastos farmacéuticos.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO:

*PRIMEIRO.- Corrixir o erro advertido de forma que **onde di:***

'Primeiro.- Solicitar acollerse a esta convocatoria con base nos datos seguintes:



Concello de Cangas

Período subvencionable	Nº persoas beneficiarias	Orzamento total por anualidade	Orzamento solicitado por anualidade	Achega Concello Cangas
2016	---	-----	-----	----
2017	216	26.000,00	20.000	6.000,00'

Debe dicir:

'Primeiro.- Solicitar acollerse a esta convocatoria con base nos datos seguintes:

Período subvencionable	Nº persoas beneficiarias	Orzamento total por anualidade	Orzamento solicitado por anualidade	Achega Concello Cangas
2016	---	-----	-----	----
2017	216	26.000,00	18.200,00	7.800,00'

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a rectificación de erro advertido do acordo nº 9 adoptado da Xunta de Goberno Local do día 19.09.2016, referente a solicitude á Consellería de Política Social de axuda económica para familias con menores a cargo para compensación de gastos farmacéuticos.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2016/2017

Este punto da orde do día foi deixado pendente para mellor estudo por non estar completa a programación de Nadal presentada.



Concello de Cangas

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN A AGUAS DE GALICIA PARA VERTEDEURAS DE AUGAS RESIDUAIS

Dáse conta de proposta do día 07.11.2016 da concelleira de Servizos, referente a solicitude de autorización a Augas de Galicia para verteduras de augas residuais, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTEDEURAS DE AUGAS RESIDUAIS

1º.- Recibido con rexistro de entrada nº 14136 do día 14.10.2016 a notificación do acordo de incoación de prego de cargos de expediente sancionador en materia de vertidos de augas residuais de clave DH.D36.54668 pola presunta comisión dunha infracción leve tipificada no artigo 85 e) da Lei 9/2010, de augas de Galicia por vertido non autorizado na estación depuradora de Donón.

2º.- Redactadas as alegacións ao inicio de expediente sancionador no prazo outorgado perante Augas de Galicia e presentouse declaración da empresa concesionaria dos servizos relacionados co ciclo integral da auga onde indica que o vertido non se produciu como sinala no escrito de denuncia desde o aliviadoiro da estación depuradora se non no exterior do perímetro desta, no seu punto de entrada onde existe un aliviadoiro 'previsto no deseño da instalación' en previsión dun posible atasco na grella de entrada.

3º.- En consecuencia o vertido obxecto do expediente sería o resultado do deseño da planta efectuado pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Xunta de Galicia con motivo da obra 'Instalación de reixa para desbaste de grosos na EDAR de Donón e adecuación do contorno, Concello de Cangas' adxudicada o 1 de decembro de 2008 que ten impedido episodios de vertidos durante os últimos sete anos.

4º.- Tendo en conta que o vertido non se produce desde a mesma EDAR senón do punto de entrada a esta instalación que é necesario iniciar novamente os trámites necesarios para solicitar autorización de verteduras de augas residuais para a EDAR xa que o anterior equipo de goberno municipal na súa xestión deu



Concello de Cangas

lugar ao arquivo dos trámites que se supoñen presentados nese período e que no prego de cargos se pon de manifesto 'por causa do desinterese do Concello, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

1.- Iniciar os trámites necesarios para a solicitude perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación de Territorio da autorización de verteduras de augas residuais para a EDAR de Donón".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Obras e Servizos, referente a solicitude de autorización a Augas de Galicia para verteduras de augas residuais.

B) INFORMES DE INTERVENCIÓN S/CONTAS XUSTIFICATIVAS DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO (2º e 3º TRIMESTRES)

B.1) INFORME DE INTERVENCIÓN S/XUSTIFICACIÓN 2º TRIMESTRE 2016 (REF. SCM/059/2016)

Dáse conta de informe de Intervención de data 07.11.2016, referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas (2º trimestre) pola sinatura do convenio coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo, que é como segue:

"ASUNTO: FISCALIZACIÓN DE RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS. Doc. ADO.

Xustificación TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016-Convenio Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

DATA: 07 de novembro de 2016

DESTINATARIO: ALCALDÍA

REFERENCIA: SCM/058/2016

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*



Concello de Cangas

- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- *Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*
- *Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións.*
- *Bases de Execución do orzamento en vigor.*

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Existencia de crédito

A obriga que se propón recoñecer dimana da XUSTIFICACIÓN de axuda (subvención), por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), correspondente co SEGUNDO trimestre de 2016, de acordo co convenio asinado en data de 11 de xaneiro de 2016 coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con obxecto da recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais.

Existe crédito suficiente na aplicación 312/48 para a imputación da obriga cuxa aprobación se propón, a expensas do que logo se dirá.

Segundo.- Competencia

A competencia para recoñecer e ordenar o pago das obrigas que se recollen na proposta corresponde á Alcaldía e por delegación desta de data 02.07.2016, á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Observacións

1.- O convenio realizado entre o Concello de Cangas e a Asociación Protectora de Animais do Morrazo ten por obxecto a recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais. O seu obxecto é o típico de un contrato administrativo de servizos, malia que se lle dera tratamento de subvención.

A subvención está prevista nomeadamente nos orzamentos (base de execución 21), e instrumentada mediante convenio de data 11.01.2016, que non foi obxecto de fiscalización previa.

En opinión desta Intervención, o obxecto do convenio cae dentro do ámbito do que sería un contrato administrativo de servizos, polo que de acordo co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, lle sería de



Concello de Cangas

aplicación a citado Real decreto lei, ao non estar excluído do seu ámbito de aplicación. Corrobora esta apreciación o artigo 2.1.a) da Lei xeral de subvencións, cando tipifica como unha das características das subvencións que a entrega non teña contraprestación directa por parte dos beneficiarios, sendo que neste suposto si existe unha contraprestación directa.

En apoio do anterior, o artigo 11 da Lei 1/1993 permite a realización de convenios con asociacións de protección e defensa dos animais para a concesión do servizo de recollida e custodia dos animais abandonados.

A cláusula sexta do convenio regula a xustificación, respecto da que se aprecia:

- A xustificación preséntase FÓRA do prazo establecido, entendendo que rexe o prazo de tres meses desde o fin da actividade, que se entende se estende ao segundo trimestre, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 38/2003.*
- Acredítanse gastos por importe de tres mil setecentos sesenta e un euros con cincuenta e oito céntimos (3.761,58 €), que figuran como pagados, con achega de copia do xustificante bancario de pago.*
- O ingreso a realizar polo Concello de Cangas, segundo o convenio, é de quince mil euros (15.000,00 €/anuais), polo tanto, un trimestre importa de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €). O importe xustificado supera o importe concedido.*
- Non se asinan os documentos que se presentan en calidade de conta xustificativa. Malia o anterior, na solicitude de aboamento, que si aparece asinada, enuméranse os documentos presentados, polo que se podería entender que a sinatura se estende aos documentos contidos dos que se responsabiliza a mesma persoa asinante.*

CONCLUSIÓNS

Polos motivos expostos fiscalízase de conformidade o recoñecemento das obrigas que se describe no encabezamento deste informe, por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), por entender suficiente a xustificación presentada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas (2º trimestre) pola sinatura do convenio coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo.



Concello de Cangas

B.2) INFORME DE INTERVENCIÓN S/XUSTIFICACIÓN 3º TRIMESTRE 2016 (REF. SCM/059/2016)

Dáse conta de informe de Intervención de data 07.11.2016, referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas (3º trimestre) pola sinatura do convenio coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo, que é como segue:

"ASUNTO: FISCALIZACIÓN DE RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS. Doc. ADO.

Xustificación TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016-Convenio Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

DATA: 07 de novembro de 2016

DESTINATARIO: ALCALDÍA

REFERENCIA: SCM/059/2016

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*
- Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*
- Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións.*
- Bases de Execución do orzamento en vigor.*

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Existencia de crédito

A obriga que se propón recoñecer dimana da XUSTIFICACIÓN de axuda (subvención), por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), correspondente co TERCEIRO trimestre de 2016, de acordo co convenio asinado en data de 11 de xaneiro de 2016 coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con obxecto da recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais.



Concello de Cangas

Existe crédito suficiente na aplicación 312/48 para a imputación da obriga cuxa aprobación se propón, a expensas do que logo se dirá.

Segundo.- Competencia

A competencia para recoñecer e ordenar o pago das obrigas que se recollen na proposta corresponde á Alcaldía e por delegación desta de data 02.07.2016, á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Observacións

1.- O convenio realizado entre o Concello de Cangas e a Asociación Protectora de Animais do Morrazo, ten por obxecto a recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais. O seu obxecto é o típico dun contrato administrativo de servizos, malia que se lle dera tratamento de subvención.

A subvención está prevista nomeadamente nos orzamentos (base de execución 21) e instrumentada mediante convenio de data 11.01.2016, que non foi obxecto de fiscalización previa.

En opinión desta Intervención, o obxecto do convenio cae dentro do ámbito do que sería un contrato administrativo de servizos, polo que de acordo co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, lle sería de aplicación a citado Real decreto lei, ao non estar excluído do seu ámbito de aplicación. Corrobora esta apreciación o artigo 2.1.a) da Lei xeral de subvencións, cando tipifica como unha das características das subvencións que a entrega non teña contraprestación directa por parte dos beneficiarios, sendo que neste suposto si existe unha contraprestación directa.

En apoio do anterior, o artigo 11 da Lei 1/1993 permite a realización de convenios con asociacións de protección e defensa dos animais para a concesión do servizo de recollida e custodia dos animais abandonados.

A cláusula sexta do convenio regula a xustificación, respecto da que se aprecia: «A xustificación preséntase DENTRO do prazo establecido, entendendo que rexe o prazo de tres meses desde o fin da actividade, que se entende se estende ao segundo trimestre, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 38/2003.

- Acredítanse gastos por importe de tres mil setecentos sesenta euros con noventa e cinco céntimos (3.760,95 €), que figuran como pagados, con achega de copia do xustificante bancario de pago.*



Concello de Cangas

- *O ingreso a realizar polo Concello de Cangas, segundo o convenio, é de quince mil euros (15.000,00 €), polo tanto, un trimestre importa de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €). O importe xustificado supera o importe concedido.*
- *Non se asinan os documentos que se presentan en calidade de conta xustificativa. Malia o anterior, na solicitude de aboamento, que si aparece asinada, enuméranse os documentos presentados, polo que se podería entender que a sinatura se estende aos documentos contidos dos que se responsabiliza a mesma persoa asinante.*

CONCLUSIÓNS

Polos motivos expostos fiscalízase de conformidade o recoñecemento das obrigas que se describe no encabezamento deste informe, por importe de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €), por entender suficiente a xustificación presentada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas (3º trimestre) pola sinatura do convenio coa Asociación Protectora de Animais do Morrazo.

C) INFORME DE INTERVENCIÓN S/CONTAS XUSTIFICATIVAS DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL MORRAZICA (SUBSANACIÓN DE DOCUMENTACIÓN)

Dáse conta de informe de Intervención de data 07.11.2016, referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas pola sinatura do convenio coa Asociación Cultural Morrazica, que é como segue:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: FISCALIZACIÓN DE RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS.

Xustificación convenio entre o Concello de Cangas e Asociación Cultural Morrazica para desenvolver o Kanekas Metal Fest.

DATA: 07 de novembro de 2016

DESTINATARIO: ALCALDÍA

REFERENCIA: SCM/060/2016



Concello de Cangas

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- *Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*
- *Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións.*
- *Bases de Execución do orzamento en vigor.*

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Existencia de crédito

A obriga obxecto deste informe dimana da concesión de unha axuda económica, por importe total de tres mil euros (3.000,00 €) destinados a colaborar economicamente coa organización do denominado 'Kanekas Metal Fest.' A subvención documentouse mediante a sinatura de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural Morrazica e o Concello de Cangas de data 16 de agosto de 2016, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 11.07.2016.

No convenio establécese unha achega económica do Concello á Asociación Cultural Morrazica por importe de tres mil euros (3.000,00 €).

Existe crédito suficiente na aplicación 330/48 para a imputación da obrigas cuxa aprobación se propón.

Segundo.- Competencia

Al competencia para recoñecer e ordenar o pago das obrigas que se recollen na proposta corresponde á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Observacións

O gasto que se propón trae causa da concesión dunha axuda económica a entidades sen ánimo de lucro (Asociación Cultural Morrazica), a efectos de colaborar nos gastos derivados da organización do denominado 'Kanekas Metal Fest'.



Concello de Cangas

Como se desprende do expediente, trátase da concesión directa de subvencións, que, de selo caso, podería atopar encaixe no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003. Sen embargo, esta subvención non se atopa recollida nominativamente nos orzamentos, non ven imposta por norma legal e non se acredita no expediente a concorrencia das circunstancias establecidas pola base de execución 21, parágrafo 3, respecto da concesión de subvencións directas sen convocatoria previa abeiradas en circunstancias de interese público, social, económico ou humanitario, polo que se conclúe que a concesión resulta discrecional, ao marxe da regulación establecida.

Documéntase a subvención nun convenio asinado en data de 16 e agosto de 2016, respecto de cuxo cumprimento podemos apreciar:

- Non consta fiscalización previa deste.*
- O beneficiario comprométese a cumprir coas obrigas establecidas na cláusula 4 do convenio, sen que se acredite na documentación presentada o cumprimento delas.*

A cláusula IV do convenio regula a xustificación, respecto da que se aprecia:

- A xustificación preséntase dentro do prazo establecido.*
- Non se presenta memoria económica da actividade, polo que non se acreditan os extremos aos que fai referencia a citada cláusula 4 que debe conter esa memoria, isto é, orzamento detallado de ingresos e gastos. En concreto, non se fai referencia algunha aos ingresos obtidos pola actividade, polo que non resulta posible avaliar o grao de cobertura dos gastos pola subvención, por se houberse un exceso de subvención e resultara procedente, ben detraer parte da contía subvencionada, ben solicitar o reintegro da cantidade anticipada.*
- As facturas que se presentan na maioría dos casos son copias sen cotexar, con incumprimento do establecido na cláusula 4 do convenio e na base de execución 21.*
- Os gastos relativos á contratación de artistas acredítanse con copias dos contratos realizados, sen presentar a correspondente factura ou documento equivalente.*
- En ningún caso se acredita o pago dos gastos, o que implica que non se poida ter o gasto por realizado, de acordo co establecido no artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia.*



Concello de Cangas

- *Non se aporta declaración xurada de non ter percibido outras axudas ou subvencións á que fai referencia a base de execución 21.*
- *Non se aportan certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- *Non se presenta a declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que foi concedida a subvención, á que fai referencia a base de execución 21.*

Con carácter xeral, por tanto, podemos concluír que non existen garantías de cumprimento do convenio suscrito e un incumprimento das obrigas de xustificación.

CONCLUSIÓNS: polos motivos expostos fiscalízase de desconformidade o recoñecemento das obrigas que se describe no encabezamento deste informe, por importe de tres mil euros (3.000,00 €) e fórmulase REPARO CON EFECTOS SUSPENSIVOS da tramitación, polas observacións sinaladas no informe, ao abeiro do establecido no artigo no artigo 216 do Real decreto legislativo 2/2004, correspondendo ao alcalde resolver as discrepancias formuladas pola Intervención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente referente a fiscalización de recoñecemento de obrigas pola sinatura do convenio coa Asociación Cultural Morrazica.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Asociación Cultural Morrazica, para que proceda á subsanación das deficiencias indicadas no informe de Intervención.

D) PROPOSTA DE APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA-2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 07.11.2016, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración para actuación do vehículo motobomba-2016, que é como segue:

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN A Á ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA-2016

Con relación ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa



Concello de Cangas

contra incendios forestais mediante a actuación do vehículo motobomba 6766BSH.

Consta no expediente o informe do responsable do servizo, Cesáreo Coya Portas de data do 18.10.2016, no que fai constar que a operatividade do vehículo conveniado comeza o día 18 de xullo de 2016 e remata o 17 de outubro de 2016 e que os recursos municipais incorporados a dito convenio son: o vehículo MERCEDES UNIMOG, con matrícula 6760BSH e que os condutores asignados á operatividade do vehículo no período conveniado son:

- *L.R.V.*
- *M.B.M.*
- *A.R.F.*
- *J.F.A.*
- *P.C.R.*
- *J.L.C.O.*
- *S.L.S.*

Consta no expediente informe do departamento de Persoal-nóminas do custos do persoal do período conveniado.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Cangas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación do vehículo motobomba 6766BSH, polo importe de vinte e cinco mil douscentos dez euros con quince céntimos (25.210,15 €), segundo o seguinte desglose:

L.R.V.: 2.883,12 euros.

- *Custo salario do 11.08.2016 ao 31.08.2016: 961,04 €.*
- *Custo salario mes setembro: 1.372,91 €.*
- *Custo salario do 01.10.2016 ao 10/10/2016: 549,17 €.*

M.B.M.: 2.837,35 euros.

- *Custo salario do 11.08.2016 ao 31.08.2016: 915,27 €.*
- *Custo salario mes setembro: 1.372,91 €.*
- *Custo salario do 01.10.2016 ao 10.10.2016: 549,17 €.*

A.R.F.: 1.644,39 €.

- *Custo salario do 02.09.2016 ao 30.09.2016: 1.090,97 €.*
- *Custo salario do 01.10.2016 ao 10.10.2016: 553,42 €.*



Concello de Cangas

J.F.A.: 4.465,89 euros.

- *Custo salario do 18.07.2016 ao 31.07.2016: 630,80 €.*
- *Custo salarial mes de agosto: 1.494,97 €.*
- *Custo salarial mes de setembro: 1.455,70 €.*
- *Custo salarial do 01.10.2016 ao 17.10.2016: 884,42 €.*

P.C.R.: 4.330,25 euros.

- *Custo salario do 18.07.2016 ao 31.07.2016: 603,42 €.*
- *Custo salarial mes de agosto: 1.471,05 €.*
- *Custo salarial mes de setembro: 1.392,51 €.*
- *Custo salarial do 01.10.2016 ao 17.10.2016: 863,27 €.*

J.L.C.O.: 4.430,80 euros.

- *Custo salario do 18.07.2016 ao 31.07.2016: 622,97 €.*
- *Custo salarial mes de agosto: 1.495,22 €.*
- *Custo salarial mes de setembro: 1.437,62 €.*
- *Custo salarial do 01.10.2016 ao 17.10.2016: 874,99 €.*

S.L.S.: 4.618,35 euros.

- *Custo salario do 18.07.2016 ao 31.07.2016: 638,63 €.*
- *Custo salarial mes de agosto: 1.598,12 €.*
- *Custo salarial mes de setembro: 1.473,77 €.*
- *Custo salarial do 01.10.2016 ao 17.10.2016: 907,83 €.*

Segundo.- Tomouse razón na contabilidade de todos os gastos que se xustifican.

Terceiro.- Deuse cumprimento á finalidade da axuda conveniada coa operatividade do vehículo do 18 de xullo de 2016 ao 17 de outubro de 2016.

Cuarto.- E declarar que non se solicitou nin foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración para actuación do vehículo motobomba-2016.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente